# CIRCULAR 228
INFORMATIVA

XANEIRO / FEBREIRO 2011

DIVISIÓN PTORH

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA:
NEUROPSICOLOXÍA

MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

## XUNTA DE GOBERNO

**Mª Rosa Álvarez Prada**
Decana

**Hipólito Puente Carracedo**
Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web

**Concepción Fernández Fernández**
Secretaria / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero

**Mª Concepción Prado Álvarez**
Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca

**Miguel A. Chouza Ponte**
Tesoureiro / Responsable de Servizos

**José Luis Domínguez Rey**
Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop

**Ana Mª Fieira Nogareda**
Vogal / Vogalía do Social

**Antonio González Fernández**
Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía

**Ana Isabel Martínez Arranz**
Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)

**Eva Muíño Gómez**
Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

**José Manuel Oreiro Blanco**
Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía

**Mª Concepción Rodríguez Pérez**
Vogal / Vogalía de Dinámica Sociocultural

**Víctor Manuel Torrado Oubiña**
Vogal / Vogalía de Formación

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a Nº 229 de marzo/abril de 2011,
e sairá a principios do mes de maio de 2011.
A información terá que ser remitida como data límite o 15 de abril de 2011, polo que os Cursos, Xornadas e Congresos terán que empezar a partir de xuño de 2011 inclusive.

# 2011 pola memoria

...esa tecedeira
urdindo o futuro
no tear do presente
com fios do passado.

Concha Rousía

## ÍNDICE


6 **Información Xeral**
13 **Información das Seccións**
19 **Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)**
22 **Grupo de Tráfico e Seguridade**
23 **Comisión de Mediación Intraxudicial**
24 **Comisión de Ética e Deontoloxía**
25 **Últimos colexiados/as de Galicia**
26 **Código Deontolóxico**
28 **Cursos, xornadas e congresos**

# Editorial

## Necesarios máis que nunca

Así son hoxe en día os **servizos públicos**: necesarios máis que nunca. A crise que soportamos non unicamente afecta a nosa economía, tamén está minando as bases do desenvolvemento dos Estados de Benestar e das democracias construídas despois da Segunda Guerra Mundial.

Coa escusa de non existir recursos económicos suficientes, que son necesarias políticas de austeridade e contención de gastos, estanse atacando os principios dos Estados de Benestar e as políticas de control democrático da circulación de capitais e investimentos, dirixindo sen pudor os diñeiros públicos cara a privatización de servizos, precarizando e desmantelando servizos públicos básicos para garantir os dereitos de igualdade de oportunidades.

Os piares do Estado de Benestar aséntanse sobre a prestación de servizos públicos como sanidade, educación e seguridade social, que son a principal garantía de cumprimento dos dereitos de cidadanía e protección social. Aínda ben recentemente, na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, defínense tamén os servizos sociais como un sistema público, constituíndose no 4º piar do benestar.

Pese á idea interesada de que o gasto público é excesivo, actualmente España, e Galicia en particular, figuran nos últimos lugares entre os países de Europa en case todas as áreas de gasto en protección social. A única excepción era o sistema de saúde e o sistema público de pensións, que nestes momentos tamén sofren a ofensiva privatizadora.

Este proceso de privatización tense presentado á opinión pública como inevitábel e en certo sentido "cientificamente comprobado", mais non debemos esquecer que foron xestores privados "altamente eficaces" os que conduciron a economía financeira á quebra. Tampouco se pode perder de vista, para realizar as análises socioeconómicas atinadas, que o obxectivo principal dos xestores privados é obter millonarios beneficios económicos.

Doutro lado, unha parte importante da sociedade civil pensamos que as leis do mercado non son a "única" forma de xestión e

ordenación socioeconómica, nin a máis axeitada para a prestación de servizos singulares e imprescindíbeis como **a educación, a sanidade, os servizos sociais** e as pensións, que sinxelamente non poden converterse en mercadorías. Aínda que a súa provisión poida ser factíbel e rendíbel para empresas privadas, pola natureza mesma destes servizos corresponde aos Estados garantilos e protexelos, mantendo a prestación dos mesmos baixo control democrático público.

Historicamente e transculturalmente temos comprobado que a calidade de vida, o acceso a sanidade e educación, ao emprego e a prestacións sociais deterióranse na mesma medida que se deterioran os sistemas de protección e seguridade social públicos, ao tempo que medra a pobreza relativa e o desarraigo social. Hoxe algúns dereitos básicos, como o dereito ao traballo ou a non discriminación no acceso á sanidade e educación, xa non se garanten e, entre os países europeos, Galicia ocupa os últimos lugares en políticas de protección social.

Nestes momentos de grandes dificultades socioeconómicas, nas que se agudiza a situación de vulnerabilidade das persoas máis desfavorecidas e se incrementa a porcentaxe das mesmas é cando os gobernos deben asumir as súas responsabilidades e apostar claramente pola xestión pública, transparente e eficaz dos seus recursos e servizos, para superar o estancamento económico e garantir a cohesión social. Agora son máis necesarios que nunca os servizos e sistemas de protección pública.

Necesarios para garantir a igualdade no acceso e a universalidade. Necesarios para garantir os dereitos e a calidade das prestacións –cartas de dereitos e obrigas– e as condicións sociolaborais dos/as traballadoras –convenios colectivos públicos–. Necesarios para estreitar as fendas das desigualdades. Necesarios para incentivar a innovación, a calidade da formación e estimular a creación de empregos. Necesarios para manter a protección dos colectivos máis afectados pola crise e o desemprego. Necesarios para crear oportunidades, estimular o investimento e crecemento económico.

Necesarios máis que nunca, porque os servizos sociais públicos son a base para garantir os dereitos de igualdade e liberdade, e o arraigo dos valores propios dunha sociedade máis equitativa e solidaria, que sexa capaz de saír transformada e reforzada destes tempos de crise.

# 30º Aniversario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Con motivo da celebración dos 30 anos de vida do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, tivo lugar un acto institucional que foi punto de encontro de aqueles colexiados e colexiadas que formaron parte das distintas Xuntas Rectoras e Xuntas de Goberno desde a creación do Colexio en 1980.

Abriu o acto a actual Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada que recordou os feitos máis significativos na evolución da historia e a profesión e os logros alcanzados ata o presente, como resultado da dedicación e esforzos realizados polos compañeiros e compañeiras de cada Xunta, que sentaron as bases da actual estrutura colexial e que contribuíron ao afianzamento da profesión en Galicia.

No transcurso do acto fíxose unha mención especial ao Profesor Miguel Siguán, que en distintas ocasións honrounos coa súa presenza nas actividades do COPG. Miguel Pérez Pereira, primeiro Decano do COPG e discípulo do Profesor Siguán, glosou un recordatorio entrañable da súa figura.

Momento do acto

Mª Rosa Álvarez Prada

# Relacións institucionais

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiron o 8 de febreiro a unha xuntanza co Director Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Juan José Martín Álvarez, na que se fixo presentación das "Xornadas de Concienciación (Sistema TASEVAL)", se abordou a posibilidade de levar a cabo colaboracións entre ambas institucións en materia de seguridade viaria, se reivindicou a figura do psicólogo/a nas oficinas de atención a vítimas, da situación actual dos/as psicólogos/as peritos/as e da infraestrutura dos equipos de mediación intraxudicial.

Ana Isabel Martínez Arranz

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiron o 14 de febreiro a unha reunión con representantes da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia para abordar as liñas do convenio de colaboración entre ambas institucións para 2011 en materia de protección civil.

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á conferencia organizada por Nueva Economía Forum impartida pola Conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, Beatriz Mato Otero, o 18 de febreiro no ciclo Forum Europa-Tribuna Galicia, en Santiago de Compostela.

Xavier Sardiña Agra

# En representación do Colexio

O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica, Xavier Sardiña Agra, asistiu en representación do COPG á reunión do Consello Galego de Saúde da Xunta de Galicia que se celebrou o 28 de decembro.

A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, participou nunha mesa redonda-coloquio sobre violencia de xénero, celebrada o 8 de xaneiro en Xinzo de Limia e organizada pola Asociación de Mulleres Galiza Nova de Allariz-A Limia-Maceda (Ourense).

Concepción Rodríguez Pérez

---

A Decana, Mª Rosa Álvarez Prada, e a Coordinadora da Comisión de Cultura e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiron ao acto de presentación do libro "La paz como cultura: fuentes y recursos de una pedagogía para la paz" que tivo lugar o 20 de xaneiro en Santiago de Compostela.

---

## O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno en funcións do Consejo General de COP, que se celebrou o 21 de xaneiro en Madrid.

## Reunión con Médicos do Mundo Galicia

Hipólito Puente Carracedo

O 8 de febreiro a Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, e o Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, mantiveron unha reunión con representantes da ONG Médicos do Mundo Galicia. Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da asociación destacando unha iniciativa que Médicos do Mundo promove en defensa do dereito á saúde das persoas inmigrantes en situación irregular a traveso da Declaración Europea do persoal sanitario "por un acceso á atención sanitaria non discriminatoria", que o COPG asinou. Para acceder a máis información e asinar a Declaración Europea www.curaresunderecho.org

## Designación equipos de mediación intraxudicial

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia designou aos seus representantes nos equipos de mediación intraxudicial, Juan Manuel Daponte Codina no de Santiago de Compostela e José Antonio Varela Alonso no de Ourense.

## Fallo da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía

O comité seleccionador da VII Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía, na súa xuntanza do 22 de febreiro, unha vez valorados os 10 proxectos que se presentaron nesta edición, acordou a adxudicación da mesma ao proxecto "Eficacia do tratamento por calor na anorexia nerviosa", presentado por Olaia Carrera Guermeur. A documentación correspondente aos proxectos que non resultaron gañadores poderá ser retirada persoalmente no Colexio polos seus/súas autores/oras ata o 22 de marzo de 2011.

## O COPG participa no III Seminario Internacional do Proxecto Weed (Umea, Suecia) designado polo Concello de Santiago de Compostela

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte do *Grupo de Apoio Local do Proxecto Europeo WEED Muller, empresa e emprego no desenvolvemento local,* no que participa o Concello de Santiago de Compostela a través da Concellaría de Promoción Económica.

Do 2 ao 5 de febreiro tivo lugar en Umea (Suecia) o III Seminario Internacional do Proxecto WEED, baixo a temática "Mulleres no coñecemento" no que se levou a cabo un intercambio e desenvolvemento de propostas concretas das cidades participantes no proxecto co fin de promocionar as oportunidades de desenvolver, utilizar e conservar as habilidades das mulleres nunha economía baseada no coñecemento, especialmente en sectores nos que actualmente están subrepresentadas.

Momento do Seminario

A Concellaría de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela designou, de entre todos/as os/as integrantes que conforman o Grupo de Apoio Local de Compostela, ao COPG para presentar no Seminario a experiencia *Perspectiva de xénero nun Colexio Profesional. Experiencia de boas prácticas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia*, defendida pola Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada.

No encontro participan expertos e expertas procedentes das nove cidades europeas socias do proxecto WEED: Celje (Eslovenia), Alzira (España); Enna e Crotone (Italia); Umea (Suecia); Karvina (República Checa); Amiens (Francia); Skaarbeck (Bélxica) e Santiago de Compostela, a través da Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

O Proxecto WEED, do que o COPG forma parte desde a súa constitución no ano 2008, é unha rede temática de cidades que analiza o tema de Muller, Empresa e Emprego no Desenvolvemento Local. Os asuntos clave nos que se centra o traballo durante a duración do proxecto son: Muller e emprendemento; desigualdade de xénero no mercado laboral e muller na economía da investigación e o coñecemento.

# Novos TEST no servizo de empréstito de material de avaliación psicolóxica

O Colexio Oficial de Psicoloxía ven de ampliar o servizo de empréstito de material de avaliación psicolóxica poñendo a disposición dos colexiados e colexiadas novos test:

- TEST RIAS, Escalas de intelixencia de Reynolds.
- TEST DAT-5, Test de aptitudes diferenciais 5.
- TEST BARCELONA REVISADO, Programa integrado de exploración neuropsicolóxica.
- TEST MMPI-2, Inventario multifásico de personalidade de Minnesota-2 (Básico).
- TEST MMPI-2-RF, Inventario multifásico de personalidade de Minnesota-2 Reestructurado.

Os/As colexiados/as que queiran solicitar calquera dos test deberán cumprimentar a solicitude de empréstito de test e face-la chegar ao COPG por correo postal, fax ou correo electrónico.

Máis información sobre o servizo na páxina web do Colexio www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=341

## Achegas da psicoloxía 2011

Estase a organizar o encontro Achegas 2011, no que se fará entrega do III Premio "Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade 2011" así como o recoñecemento aos/ás colexiados/as que levan 25 anos de vida colexial de forma ininterrompida. Nesta edición o evento celebrarase na Coruña o **7 de maio**. Enviarase en breve a información oportuna do evento.

# Recurso presentado polo COPG

O COPG presentou perante o Concello de Vigo un recurso de reposición contra as bases da convocatoria para a provisión dunha praza de técnico/a de igualdade no Concello de Vigo, por non terse contemplado a Psicoloxía entre as titulacións requiridas.

# Medios de comunicación

Desde o COPG difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, as seguintes notas de prensa:

- Comunicado pola celebración das "Xornadas sobre a violencia e acoso escolar. Implicacións xudiciais, prevención e intervención educativa". 17 de decembro.
- Comunicado "Algunhas reflexións sobre os xoguetes. Reflexións sobre a función simbólica e real do regalo". 23 de decembro.
- Comunicado pola celebración do curso "Formación en neuropsicoloxía: Demencias". 4 de febreiro.
- Comunicado pola participación da Decana do COPG no III Seminario Internacional do Proxecto WEED. 8 de febreiro.

Na páxina web do Colexio www.copgalicia.es pódense consultar os textos íntegros dos comunicados.

Foi requirida a participación do COPG nos seguintes medios de comunicación:

- La Voz de Galicia, 16 de xaneiro, sobre patoloxías do sono.
- Radio Municipal do Valadouro (Lugo), 20 de xaneiro, sobre o déficit de descanso nos/as adolescentes.
- La Opinión, 3 de febreiro, a idade legal dos/as menores para o casamento.
- Televisión de Galicia, 12 de febreiro, sobre os/as nenos/as roubados/as para adopcións irregulares.
- Revista Cartafol, 22 de febreiro, sobre o acoso escolar e a lei de convivencia.

## AVISOS

### Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

### Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para arquivar no seu expediente colexial.

INFORMACIÓN DAS
# SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección, Comisión ou Grupo de Traballo* do COPG antes do 15 de cada mes par.

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

### Curso "Formación en neuropsicoloxía: Demencias"

Os días 4 e 5 de febreiro tivo lugar, no Salón de Docencia do Complexo Hospitalario de Ourense, o curso "Formación en neuropsicoloxía: Demencias" impartido por **María Mataró i Serrat**, Doutora en Psicoloxía e Profesora do Departamento de Psiquiatría e Psicobioloxía Clínica da Universitat de Barcelona.

Durante o seu desenvolvemento actualizáronse os coñecementos sobre os diferentes tipos de demencia e fíxose especial énfase na identificación dos seus trazos máis característicos a través do proceso de avaliación neuropsicolóxica.

Dada a gran demanda coa que contou o curso, e a boa valoración dos/as asistentes ao mesmo, estamos avaliando a posibilidade de repetilo no segundo semestre do ano.

## Formación

Os días 25 e 26 de marzo vaise celebrar no Centro Cultural NovaCaixaGalicia de Santiago de Compostela o Curso "Actualización en rehabilitación neuropsicolóxica". Este curso, coordinado polo Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, **Xavier Sardiña Agra**, contará coa presenza, entre outros/as docentes, con **Bárbara Wilson**, Psicóloga Clínica e Directora da Cognition and Brain Sciencies Unit do Medical Research Council no Reino Unido. Bárbara Wilson é unha das figuras máis sobranceiras da neuropsicoloxía a nivel internacional. Conta con máis de trinta anos de experiencia clínica e investigadora e realizou notables achegas ao campo da neuropsicoloxía, tanto no eido da avaliación neuropsicolóxica como nos programas de rehabilitación.

O curso comezará o venres pola mañá cunha introdución sobre a atención ao Dano Cerebral Adquirido (DCA) en Galicia e farase unha exposición dos programas xa implantados polo SERGAS. Continuaremos falando das experiencias concretas da rehabilitación neuropsicolóxica no DCA, como os tipos de rehabilitación, formato individual-grupal, etc... para rematar falando de temas esenciais no proceso rehabilitador do DCA, como a atención aos/ás familiares e da avaliación da discapacidade dos/as afectados/as.

Tanto na xornada do venres pola tarde como o sábado pola mañá contaremos con Bárbara Wilson como relatora principal, quen fará un repaso da rehabilitación neuropsicolóxica en todos os eidos:

- Avaliación neuropsicolóxica: Desenvolvemento de probas, validez ecolóxica dos test, sensibilidade das probas para apreciar cambios no proceso rehabilitador, test con formas paralelas e o test Rivermead.
- Seguimento do/a doente desde o coma ata a súa alta sanitaria.
- A rehabilitación nas facetas de restitución, compensación e substitución.
- A rehabilitación por funcións: Atención, memoria, linguaxe e funcións executivas.

**De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.**

- Determinación da finalización da fase rehabilitadora.
- Desenvolvemento de dispositivos rehabilitadores.
- A necesidade de coordinación das intervencións sanitarias e sociais.

O sábado pola tarde trataremos o proceso de rehabilitación neuropsicolóxica noutros trastornos:

- Rehabilitación cognitiva en suxeitos con afectación cerebral por consumo de substancias: A experiencia do Trísquel (ver o Anuario de Psicoloxía Clínica Nº 3).
- Rehabilitación/Estimulación cognitiva en suxeitos con afectación cognitiva leve e a prevención en deterioro cognitivo: Os obradoiros da memoria.

Finalizaremos cunha mesa redonda formada por **Maite Garolera Freixa**, Presidenta da Federación de Asociaciones de Neuropsicología en España (FANPSE) e **Miguel Anxo García Álvarez**, Vogal da Comisión Nacional da Especialidade de Psicoloxía Clínica.

## Grupo de traballo en psicoterapias

Rematada a primeira etapa do 2005-2009, o **Grupo de investigación sobre procesos e resultados en psicoterapia**, segue investigando nas variables claves no proceso psicoterapéutico e pretenden ampliar o maior número posible de profesionais do campo clínico o uso sistemático do protocolo de avaliación da práctica diaria como un procedemento de control da calidade das nosas intervencións. Os/As interesados/as en participar nesta nova etapa poden poñerse en contacto coa súa coordinadora **María Soledad Filgueira Bouza** a través do seu correo electrónico: MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es

## Actualización de datos dos membros da Sección

A Xunta Directiva da Sección segue a actualizar a información sobre datos de contacto e perfís profesionais dos membros da mesma. Para facilitar esta labor animámosvos a enviarnos os vosos correos electrónicos.

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

### Foro "Recursos humanos e resultados"

O pasado 12 de febreiro tivo lugar na sede do COPG un encontro de colexiados e colexiadas para debater sobre a problemática de como xestionar o rendemento das persoas nas organizacións.

A sesión de traballo foi impartida por **Julio Iglesias Rodríguez**, Responsable do Centro de Formación de PSA PEUGEOT CITROËN. O tema "Do talento individual á intelixencia grupal", permitiu abordar a xestión de competencias e describir o "grupo intelixente" como elemento clave para que as empresas sexan máis competitivas, se adapten ao entorno e consigan mellores resultados.

Momentos do Foro "Recursos humanos e resultados"

### A División de Psicoloxía do Traballo, das organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH)

A División PTORH foi creada polo Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos para unificar a nivel nacional os aspectos profesionais da nosa área.

O seu obxectivo é coordinar, integrar, e desenvolver as actividades cientifico-profesionais dos colexiados e colexiadas da

citada área. O seu propósito é garantir un servizo de calidade mediante a acreditación das competencias profesionais na materia e ademais, actuar como órgano asesor en todas aquelas cuestións relativas ao noso ámbito disciplinar.

Lémbrase que se abrirá un proceso de inscrición para formar parte dela. Ao respecto, na páxina web do COPG darase a información oportuna.

Informamos:

- Poderán ser membros da División todo aquel/aquela colexiado/a que estea interesado/a e cumpra os requisitos establecidos.
- Para ser membro ordinario os requisitos son: Estar colexiado/a, non estar incurso en sanción que leve aparellado a súa inhabilitación en ningún Colexio do Estado e facer a inscrición permanente.
- A solicitude deberá tramitarse a través do Colexio correspondente dirixíndose ao Coordinador da División, aportando a xustificación requirida.

Por outra parte, o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos comunicou a normativa e o calendario electoral para constituír a primeira Xunta Directiva da División.

Calendario:

- **29 de abril**: Convocatoria de eleccións; e conformación do Comité Electoral.
- **30 de maio**: Último día de presentación de candidaturas.
- **4 de xuño**: Proclamación das candidaturas válidamente constituídas.
- **7 de xuño**: Último día de reclamación sobre a validez das candidaturas.
- **10 de xuño**: Proclamación definitiva das candidaturas válidamente constituídas unha vez resoltos os recursos presentados.
- **15 de xuño**: Inicio da campaña electoral.
- **29 de xuño**: Fin da campaña electoral e constitución da mesa electoral.
- **30 de xuño**: Votación e proclamación de resultados.

Informarase oportunamente desde a Sección e a información será publicada na páxina web do COPG.

### Reunión da División PTORH

A Comisión Xestora da División PTORH, a cal pertence a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, reunirase en Madrid o vindeiro 5 de marzo para tratar entre outros puntos do día, o tema das eleccións na División, a planificación da Asemblea Constituínte e analizar as distintas propostas de acción dos dous próximos anos.

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

### Formación

- Seguindo co noso labor a finais do mes de setembro temos programado celebrar un Seminario galego de psicoloxía da intervención social, coa finalidade de que supoña un encontro de profesionais e persoas implicadas no traballo con persoas maiores, con discapacidade, "sen teito", etc...
- Informarvos que a Sección está a traballar nas II Xornadas de Intervención Social e terceiro sector, que terá como obxectivo principal a abordaxe do fortalecemento do discurso sobre intervención social nas entidades non lucrativas, de cara a reforzar conceptualmente o rol do/a profesional da psicoloxía e de mobilizar aqueles/as profesionais que traballan no sector.

### Eleccións da Xunta Directiva da Sección

Este ano convócanse eleccións para compoñer unha nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Ao longo destes meses poderanse presentar novas candidaturas e desde aquí animamos a facelo e solicitar información no COPG.

### AVISO

Aqueles/as colexiados/as que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as poden contactar coa Administración do Colexio.

# GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Momento de Seminario

## Seminario práctico: A coordinación nas intervencións

O 22 de xaneiro tivo lugar no Salón de Actos do COPG o Seminario práctico, dirixido aos/ás GIPCES do Grupo de Gardas, *A coordinación nas intervencións.* Foi coordinado por **Fátima López Rodríguez** e impartido por **M. Elena Seoane de la Fuente, Mª del Carmen González Hermo, Mª Luz Losada Somoza, M. del Carmen Patiño García, Ana Mª Núñez Rubines** e **Ana Isabel Martínez Arranz**, todas elas membros do Grupo de Gardas do GIPCE.

Neste Seminario abordáronse as intervencións e alertas realizadas no ano 2010, as suxestións das xefas de garda, opinións sobre as entrevistas cos medios de comunicación e cuestións sobre a xestión do Grupo.

## Curso “Psicoterapia con superviventes de situacións extremas II”

O pasado 18 e 19 de febreiro celebrouse na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela a segunda parte do Curso “Psicoterapia con superviventes de situacións extremas” que se celebrara o 17 e 18 de setembro do pasado ano. Foi impartido novamente por **Pau Pérez Sales**, Doutor en Psiquiatría e Director da Unidade de Trauma do Hospital Universitario La Paz en Madrid, e coordinado por **M. Isabel Vázquez Prado**, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.

As persoas asistentes puideron identificar cales son os principais elementos de comprensión e análise na psicoterapia da culpa, coñeceron os elementos de traballo no trauma colectivo e tamén os elementos de traballo na psicoterapia na resistencia das vítimas.

Fotografía da esquerda: Pau Pérez Sales

Fotografía da dereira: Momento do Curso

## Accións formativas previstas

◻ Desde o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG estase xestionando coa Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) o curso “Básico de intervención psicolóxica en emerxencias e catástrofes”. Este curso será gratuíto e a inscrición estará aberta a todos os colexiados e colexiadas. As datas de celebración están pendentes de ser concretadas.

## AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os/as colexiados/as poidan insertar anuncios por palabras, sobre aluguer, compraventa, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: "Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000".

## Grupos de traballo

☐ *Elaboración de protocolo de intervención do GIPCE en simulacros*

Por mor da demanda cíclica anual da participación do GIPCE nos simulacros, creouse un grupo de traballo para elaborar o documento preparatorio de simulacros en aeroportos. A coordinadora do grupo é **Fátima López Rodríguez**.

☐ *Grupo de acompañamento psicolóxico en exhumacións*

Oito integrantes do GIPCE colaboraran coa Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica nos levantamentos de fosas que teñan lugar dentro da nosa comunidade.

## Informacións

☐ *Guía de autoaxuda para persoas afectadas por situacións críticas*

Este material está pensado para que o GIPCE poida utilizalo nas intervencións. Esperamos tela lista para poder distribuíla en breve.

☐ *Guía de autoaxuda para intervenientes*

Os membros do Grupo de Apoio a Intervenientes (GAI) iniciará o traballo para ter durante este ano elaborada esta guía dirixida aos/ás profesionais que interveñen con nós.

### AVISO

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está adaptándose á administración electrónica. A partir do 1 de xullo de 2011 unicamente se enviarán as comunicacións por correo electrónico.

Para axilizar o proceso, envíanos canto antes o teu enderezo electrónico. No caso de que non dispoñas de conta de correo electrónico, se o desexas o COPG pode facilitarche unha aloxada no propio servidor do Colexio.

Para máis información: copgalicia@cop.es

## GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

### "Xornadas de Concienciación"

O sábado 5 de febreiro iniciouse o primeiro programa de "Xornadas de Concienciación (Sistema TASEVAL)" da convocatoria 2010/2011, coordinado por **Eva Muíño Gómez**, Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG. Actuaron como observadores **María Cintia Librero Escala** e **Alejandro Soares Diz**, membro do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG e alumno do Prácticum da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela respectivamente. Desenvolveuse no Centro Sociocultural "Agustín Bueno" do Castiñeiriño en Santiago de Compostela. Asistiron 20 participantes, todos eles penados por delitos relacionados co tráfico e a seguridade viaria, sendo nun 75% o alcohol o causante da pena.

Eva Muíño Gómez e Alenjandro Soares Diz

### Formación

◻ Os días 1 e 2 de abril está previsto realizar a segunda parte da Sesión Técnica "Nova tecnoloxía na avaliación da personalidade: O DP-TC". Contaremos novamente co seu autor, **Dr. José Mª Tous Ral**, Catedrático de Personalidade, Avaliación, e Tratamentos Psicolóxicos da Universidad de Barcelona. Só poderán asistir a esta formación os/as asistentes que acudiron a primeira sesión que se celebrou o 19 de xuño do ano pasado. Lembrarvos que nas inscricións terán preferencia os/as colexiados/as que formen parte das Seccións, Comisións e Grupos organizadores desta sesión.

◻ Informámosvos que estamos a traballar para materializar neste ano a celebración das II Xornadas da Psicoloxía Galega do Tráfico e a Seguridade, previstas para o 26 de novembro.

### Informacións

A vindeira reunión do Grupo de Tráfico e Seguridade será o sábado 30 de abril, na cal se celebrará unha nova sesión formativa para o Grupo.

## COMISIÓN DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL

Os datos que aparecen na última estatística do Consejo General del Poder Judicial (CGPJ) sobre os xulgados con equipos de mediación intraxudicial nas comunidades autónomas que avalían o funcionamento dos mesmos no primeiro semestre do ano 2010 amósannos que a comunidade galega obtén o maior porcentaxe de acordos de entre as comunidades autónomas participantes cunha porcentaxe dun 59% de acordos acadados.

Tamén o equipo de mediación da nosa comunidade pertencente ao Xulgado Nº 6 de Santiago de Compostela obtén os mellores resultados destas comunidades en canto a duración do proceso de mediación que nun 86% dos procesos levados son resoltos nun prazo máximo dun mes.

Este equipo de mediación intraxudicial está formada por unha avogada, **Olga Faílde Picallo**, e un psicólogo, **Juan Manuel Daponte Codina**, froito do convenio asinado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Traballo e Benestar, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Avogados de Santiago de Compostela.

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

## ASESORÍAS

**SERVIZO GRATUÍTO de consulta para colexiados/as**

### XURÍDICA

**D. Pedro Trepat Silva**

Tfno.: 981 597 611
[Xoves de 16.30 a 20 horas]
Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do fax: 981 595 240 ou da páxina web: www.trepatavogados.com apartado de consultas on-line

### FISCAL

**D. José Luis Iglesias Sexto**

Tfno.: 981 588 770
[Venres de 9 a 13 horas]

## COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA




Desde a Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, queremos transmitir a importancia que pode ter unha posición ética fronte a persoa usuaria que demanda os nosos servizos. Mención especial á necesaria imparcialidade da actividade do/a profesional da psicoloxía cando teñen que intervir en situacións onde hai intereses contrapostos e á claridade, rigor e precisión dos informes que emitimos, aos que fai referencia os artigos Nº 15 e Nº 48 do noso Código Deontolóxico.

Isto ten unha gran relevancia na intervención con menores de idade ou legalmente incapacitados/as cando os seus pais se atopan en proceso de separación e en litixio sobre a mesma. O noso Código Deontolóxico fai referencia, no artigo Nº 25, á información que debe darse aos seus pais ou titores. Merece a pena que nos paremos a pensar nese sentido.

En contextos de conflitividade de parella non sempre será fácil levar a cabo isto, sen embargo un plantexamento desde o comezo da intervención contemplándoo podería contribuír a garantir os principios antes mencionados de imparcialidade e rigor.

A nosa actuación profesional está vinculada á función de axuda desde o orixe e constantemente ten que ir definindo o rol que debe desempeñar fronte ás novas demandas que se plantexan na sociedade.

Parécenos necesario reflexionar, no momento actual, sobre o papel que as veces se intenta que ocupe a nosa profesión, con peticións onde se lle pode invitar a tomar unha posición parcial, confundíndose os principios que se han rexer a nosa labor. É época de risco pola xudicialización excesiva das relacións afectivas, onde impera a busca da “proba psicolóxica” que veña a dar conta da verdade, onde se busca o diagnóstico inmediato que conclúa e se perde o sentido do intentar comprender o que está pasando, onde se pode estar ao servizo da persoa que paga e non da persoa que realmente o precisa...

Poñer en común as inquietudes e distintos puntos de vista que isto nos suscita, debater sobre os artigos mencionados, xerando opinións nese sentido permitirá enriquecer a nosa práctica.

## ÚLTIMOS/AS COLEXIADOS/AS DE GALICIA

| | |
|---|---|
| G-4304 | Bello Gómez, Alejandro |
| G-4305 | Rodríguez Rodríguez, Mª del Carmen |
| G-4306 | Saz Rodríguez, Sandra |
| G-4307 | Veiga García, Blanca |
| G-4308 | Baigorria Espinosa, Paulina Noemí |
| G-4309 | Arjones Álvarez, María Luisa |
| G-4310 | Gil Otero, Eva |
| G-4311 | Rodríguez Rivas, Ana |
| G-4312 | Amorín Gil, Ana María |
| G-4313 | Fernández Torices, Angélica |
| G-4314 | Fariña Pages, Laura |
| G-4315 | Blanco Blanco, Begoña |
| G-4316 | Barcia Fuentes, Raquel |
| G-4317 | Carrera Teijeiro, Carmen Beatriz |
| G-4318 | Ansedes Pérez, Sofía María |
| G-4319 | Rodríguez Vázquez, Marta |
| G-4320 | Carballeira López, María Pilar |
| G-4321 | López Mouriz, Cristina |
| G-4322 | Vicente Mosquera, Irene |
| G-4323 | Carballas Campo, María |
| G-4324 | Mendez Pérez de Arevalo, María |
| G-4325 | Parra García, Cristina |
| G-4326 | Rodríguez Bernardez, María Ángeles |
| G-4327 | Sánchez Grandío, Lidia |
| G-4328 | González Ricoy, Andere |
| G-4329 | Martínez Moreno, María del Carmen |
| G-4330 | Carril Boo, María Cristina |
| G-4331 | Prieto Porto, Ana Mª |
| G-4332 | Delgado Zayas, Enrique |
| G-4333 | Temes Calviño, Luz María |
| G-4334 | Caride Prieto, Eva María |
| G-4335 | Pedreira Vieiro, Óscar David |
| G-4336 | Martínez Villaverde, Noelia |
| G-4337 | Rapa Pita, David |
| G-4338 | Vieites Armesto, Patricia |
| G-4339 | Martínez Pinal, María Dolores |
| G-4340 | Marco Padín, Fátima |

**Artigo 15º**

Cando se ache diante de intereses persoais ou institucionais contrapostos, procurará o/a Psicólogo/a realizar a súa actividade con máxima imparcialidade. A prestación de servizos nunha institución non exime da consideración, respecto e atención ás persoas que poidan entrar en conflito coa institución mesma e das cales o/a Psicólogo/a, naquelas ocasións en que lexitimamente proceda, haberá de facerse valedor ante as autoridades institucionais.

**Artigo 48º**

Os informes psicolóxicos terán que ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para o/a seu/súa destinatario/a. Deberán expresar o seu alcance e limitación, o grao de certeza que sobre os seus varios contidos teña o informante, o seu carácter actual ou temporal, as técnicas utilizadas para a súa elaboración, facendo constar en todo caso os datos do/a profesional que o emite.

**CÓDIGO DEONTOLÓXICO**



AVISO

## Duodécima edición FOCAD

A duodécima edición FOCAD consta de 3 bloques de materiais que se poden descargar e imprimir para o seu estudo, a través da páxina web oficial do FOCAD www.cop.es/focad, mediante clave personalizada (número de colexiado/a e NIF persoal). Cada curso ten unha certificación de 20 horas, a cal se obterá unha vez superada a avaliación correspondente. Os cuestionarios de avaliación pódense contestar desde o **7 de febreiro de 2011 ata o 31 de marzo de 2011**.

## Plantilla definitiva de corrección da proba dos/as solicitantes do Título de Psicólogo/a Especialista en Psicoloxía Clínica

O Ministerio de Educación fixo pública a plantilla definitiva de corrección da proba teórico-práctica, que se realizou o 27 de novembro de 2010, para acceder ao Título de Psicólogo/a Especialista en Psicoloxía Clínica, segundo o disposto no artigo 13 da Orde PRE/1107/2002. Máis información na web do Colexio http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=468

# SERVIZOS A COLEXIADAS E COLEXIADOS
**www.copgalicia.es**

## PUBLICACIÓNS

- Circular Informativa
- Cadernos de Psicoloxía
- Papeles del Psicólogo
- Infocop
- Memoria

## PROFESIÓN

- Quenda Informes Periciais
- Privado. Solicitude atención psicólogos/as
- Publicidade
- Distribución de ofertas formativas

## EMPRÉSTITO DE MATERIAL

Material de avaliación psicolóxica

## FONDOS DOCUMENTAIS

- Servizo de biblioteca (COPG)
- Convenio coa biblioteca da Facultade de Psicoloxía da USC
- PSICODOC

## INTERNET

- Conta de correo electrónico e acceso a través do servidor do COPG
- Páxina web do COPG

## INFORSIGA

Convenio en relación a servizos de consulta en cuestión de protección de datos de carácter persoal

## FORMACIÓN – EMPREGO

- Programa formativo anual COPG
- Información laboral
- Información de convocatorias de oposicións

## ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados/as de asesoría fiscal e xurídica

## AXENCIA C&G VIAXES

- Desconto 5% en viaxes aos/ás colexiados/as
- Fraccionamento na forma de pago

## CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER'S 88

- Pólizas de seguro de responsabilidade civil profesional colectivo (Zurich)
- Seguro de asistencia sanitaria (ASISA)

## MAPFRE Caja Salud

- Seguro de Asistencia Sanitaria para colexiados/as e familias
- Seguro de vida/accidentes MAPFRE

## INSTALACIÓNS DO COPG

- Disposición das instalacións do COPG para exposicións e actos

# CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

**Servizo de Información de interese para os/as colexiados/as**

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

A información que aparece neste apartado ten que ser remitida ao COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

**CURSO DE ACTUALIZACIÓN EN REHABILITACIÓN NEUROPSICOLÓXICA**

*Datas:* 25 e 26 de marzo de 2011
*Lugar:* Santiago de Compostela
*Organiza e informa:* Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983
E-mail: copgalicia@cop.es
Web: www.copgalicia.es

**CURSO "CÓMO IMPARTIR UNHA ESCOLA DE PAIS BREVE E EFICAZ"**

*Datas:* 6 e 7 de maio de 2011
*Lugar:* A Coruña
*Docente:* Bibiana Infante Cano
*Organiza e informa:* SUPERA Psicólogos
Notariado, 7-2º Esq. (Pza. de Galicia).
15004 A Coruña
Tfnos.: 981 122 238 / 661 452 399
Web: www.superapsicologos.es

**CURSOS ORGANIZADOS POLO INSTITUTO DE TÉCNICAS DE GRUPO E PSICODRAMA DE GALICIA (ITGP-G)**

Pza. Valentín Gª Escudero, 1-1º Dta. 36002 Pontevedra
Tfno.: 986 842 005
E-mail: pontepsicodrama@gmail.com / mc.soto@telefonica.net

**TEATRO ESPONTÁNEO E AS SÚAS VARIANTES** (8 horas)

*Data:* 30 de abril de 2011
*Lugar:* Pontevedra
*Docente:* Ana Mª Fernández Espinosa

**APLICACIÓNS CLÍNICAS DO PSICODRAMA** (8 horas)

*Data:* 28 de maio de 2011
*Lugar:* Pontevedra
*Docente:* Luis Ferrer i Balsebre

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR CÓDEX

Urzáiz, 215-1º. 36205 Vigo
Tfno.: 986 129 490. Fax: 986 261 539
E-mail: codex@centrocodex.com
Web: www.centrocodex.com

**CURSO "PERFÍS DE PERSONALIDADE EN SUXEITOS ANTINORMATIVOS: ESTUDO DE CASOS"** (8 horas)

*Data:* 7 de maio de 2011
*Lugar:* Vigo
*Docentes:* María Padilla Pereira e Concepción Cendón Dacosta

**CURSO "PERICIAIS PSICOLÓXICAS EN DEREITO DE FAMILIA: ESTUDO DE CASOS"** (8 horas)

*Data:* 28 de maio de 2011
*Lugar:* Vigo
*Docentes:* María Padilla Pereira e Concepción Cendón Dacosta

**CURSO "INTERVENCIÓN PSICO-EDUCATIVA EN PROBLEMAS DE APRENDIZAXE: ESTUDO DE CASOS"** (8 horas)

*Data:* 18 de xuño de 2011
*Lugar:* Vigo
*Docentes:* Olga Mª Piñeiro Domínguez e Mª Bermúdez Puga

OBRADOIROS ORGANIZADOS POR RIVENDEL GRUPOS Y ORGANIZACIONES

Pedro de Luna, 1-1º. 50010 Zaragoza
Tfno.: 976 344 734
E-mail: apalacios@rivendelsl.com

**OS/AS NÁUFRAGOS/AS DA RÚA PROVIDENCIA. UNHA METÁFORA PARA A ANÁLISE DOS GRUPOS E EQUIPOS**

*Data:* 15 de abril de 2011
*Lugar:* Zaragoza
*Ponente:* Ignacio Arilla Andía

**PSICODRAMA SIMBÓLICO DOS SONOS**

*Data:* 21 de maio de 2011
*Lugar:* Zaragoza
*Ponente:* Irene Henche Zabala

**O CAMIÑO DO HEROE. EXPLORANDO AS FRONTEIRAS DO CAMBIO**

*Data:* 16 de setembro de 2011
*Lugar:* Zaragoza
*Ponentes:* Olga Ezquerra Círez e Arturo Palacios Araus

**A ESPONTANEIDADE E A CREATIVIDADE NOS GRUPOS**

*Data:* 29 de outubro de 2011
*Lugar:* Zaragoza
*Ponente:* Luis Palacios Araus

**SEMINARIO "A PROPÓSITO DA TERAPIA FAMILIAR. SERVIZOS SOCIAIS, MENORES"**

*Data:* 2 de abril de 2011
*Lugar:* Vigo
*Docente:* José María Rodríguez de Castro
*Organiza e informa:* CAMBIO

PSICOESTUDIO
Tfno.: 986 295 621
E-mail: psicoestudio@terra.es

KARMA
Tfno.: 986 471 439
E-mail: karmapsicologia@mundo-r.com

**IV SIMPOSIO NACIONAL SOBRE ADICCIÓNS. O RECREATIVO, O SOCIAL E A FICCIÓN DAS DROGAS**

*Datas:* 11, 12 e 13 de maio de 2011
*Lugar:* Victoria-Gasteiz
*Organiza e informa:* Servicio de alcoholismo y ludopatías-Servicio de toxicomanías da Red de Salud Mental de Áraba
Angulema, 1. 01004 Vitoria-Gasteiz
Tfno.: 945 120 636
Fax: 945 283 927
E-mail: juanluis.dezacarrillo@osakidetza.net

**XI XORNADAS HISTORIA DO TRABALLO E XÉNERO. TRABALLO E SAÚDE EN PERSPECTIVA HISTÓRICA (SÉCULOS XIX-XX)**

*Datas:* 28 e 29 de abril de 2011
*Lugar:* Barcelona
*Organiza e informa:* Treball, Institucions i Gènere (TiG). Grup de recerca d'història del treball
E-mail: tig@ub.edu. Web: www.ub.edu/tig

**VIII XORNADAS DA ESCUELA ESPAÑOLA DE PSICOTERAPIA**

*Datas:* 26, 27 e 28 de maio de 2011
*Lugar:* Santander
*Organiza e informa:* Escuela Española de Psicoterapia. Pza. del Cuadro, 3-3º B-C
39004 Santander. Fax: 942 223 894
E-mail: secretaria@escueladepsicoterapia.org
Web: www.escueladepsicoterapia.org

**CONGRESO GALEGO DE EDUCACIÓN INFANTIL 0-6**

*Datas:* 8 e 9 de abril de 2011
*Lugar:* Santiago de Compostela
*Organiza e informa:* Asociación Galega de Escuelas Infantiles (AGADEI). Web: www.agadei.org

Secretaría técnica: Versal Comunicación, S.L.
Xosé Chao Rego, 8-Baixo (CN2).
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 555 920. Fax: 981 564 978
E-mail: congresogallegoeducacioninfantil@versalscq.com

**XXXII CONGRESO NACIONAL DE TERAPIA FAMILIAR**

*Datas:* do 27 ao 29 de outubro de 2011
*Lugar:* Bilbao. *Organiza e informa:* Asociación Vasco. Navarra de Terapia Familiar (AVNTF).
Luzarra, 18-1º. 48014 Bilbao
Tfno.: 944 757 880. Fax: 944 759 484
E-mail: congresofeatf2011@avntf-evntf.com
Web: www.congresoadolescenciayterapiafamiliarfeatf2011.es

**VI CONGRESO INTERNACIONAL DE PSICOLOXÍA E EDUCACIÓN. III CONGRESO NACIONAL DE PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN**

*Datas:* 29 de marzo ao 1 de abril de 2011
*Lugar:* Valladolid
*Organiza e informa:* Asociación Nacional de Psicología y Educación e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos de España

Secretaría técnica:
Grupo Evento.es
Paulina Harriet, 27. 47006 Valladolid
Tfno.: 902 500 493. Fax: 983 226 092
E-mail: info.cipe@evento.es
Web: www.psicologiaeducacionvalladolid2011.com

**VIII CONGRESO TÉCNICO SOBRE ADICIÓNS**

*Datas:* 12, 13 e 14 de maio de 2011
*Lugar:* Madrid
*Organiza e informa:* Fundación Fulgencio Benítez
Pozos dulces, 14-2º. 29008 Málaga
Tfno.: 952 601 326. Fax: 952 226 098
E-mail: info@fundacion-ia.com
Web: www.fundacion-ia.com

**VIII CONGRESO IBEROAMERICANO DE AVALIACIÓN PSICOLÓXICA. XV CONFERENCIA INTERNACIONAL AVALIACIÓN PSICOLÓXICA: FORMAS E CONTEXTOS**

*Datas:* do 25 ao 27 de xullo de 2011
*Lugar:* Lisboa
*Organiza e informa:* Facultade de Psicoloxía da Universidade de Lisboa
Secretaría técnica:
Transalpino. Viagens&Turismo
Avda. Guerra Junqueiro, 28 C. 1000-167
Lisboa (Portugal). Tfno.: (351) 218 436 440
Fax: (351)218 464 4235
E-mail: congresso.iberoamericano@transalpino-viagens.pt

# ESTATUTOS
## PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCIÓNS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE SOCIEDADES PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓNS

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO DE E DISTINCIÓNS

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

D.L.: C 264-2008

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

**Membro da EFPA**
Federación Europea de Asociaciones
Profesionales de Psicólogos

HORARIO

De luns a xoves de 9 a 14 horas e
de 16 a 21 horas e os venres de
9 a 14 horas